



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 8-2014

- A todas as Delegacións (*)
 - A todos os asambleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE MARCHA EN RUTA

Cangas, 1 de febreiro do 2014

Art.1) A Delegación da F.G.A en Vigo organizará o Campionato Galego de Marcha en ruta que terá lugar en Cangas, en colaboración co Concello de Cangas e o Club Atletismo Cangas, o vindeiro sábado **día 1 de febreiro** do 2014.

Art.2) Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2013/14) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea/>) **ata as 20:00 horas do martes 28 de xaneiro do 2014.**

Art.4) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría (benxamin, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa, absoluto e veterán) sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7). Horario e distancias do Campionato:

| | | | |
|--------|--------------------------|------------------|------|
| 15:50h | Alevín-infantil | Homes e Mulleres | 3Km |
| 16:20h | Cadete | Homes e Mulleres | 5km |
| 16:55h | Benxamín | Homes e Mulleres | 2Km |
| 17:15h | Xuvenil-Junior-Veteranos | Homes e Mulleres | 10km |
| | Promesa-Senior | Mulleres | 10km |
| | Promesa-Senior | Homes | 10km |

Art.8) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

(direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

Art.9) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase dea cordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 17 de xaneiro de 2014